

Aproximación ao valor simbólico de nomes e apelidos galegos

Valentina Formoso Gosende

IES Félix Muriel

Ana Iglesias Álvarez

Universidade de Vigo

1. INTRODUCCIÓN

Presentamos a continuación unha análise do discurso da mocidade universitaria arredor dos nomes e apelidos galegos. Consideramos que coñecer as opinións, actitudes e, en definitiva, o imaxinario existente sobre a onomástica resulta de grande importancia para avanzarmos no estudo do proceso de normalización da lingua galega.

Dado que pretendemos acceder ao discurso colectivo, escollemos como técnica de produción de datos a que se considera máis acaída para esta finalidade: o grupo de discusión (Callejo 2002; Canales e Peinado 1999; Ortí 1996; Ibáñez 1992).

Para esta primeira contribución, decidimos centrarnos nos estudantes universitarios, dado que buscabamos xente nova e cun nivel de formación medio-alto. Realizamos tres grupos que imos denominar de aquí en diante G1, G2 e G3, atendendo á secuencia temporal na que se realizaron (setembro e outubro de 2016).

Todos os grupos estaban compostos por homes e mulleres de maneira non equilibrada nos casos particulares, mais conseguindo que no total houbera un número similar de persoas dos dous xéneros. Con todo, agás nalgún aspecto concreto, a variable xénero non introduciu diferenzas relevantes. As idades oscilaron desde os 18 anos (dúas persoas) aos 28 (unha), a maioría delas entre 20 e 22 anos. Respecto á súa formación, pertencían a diferentes ámbitos, desde Xornalismo a Química, pasando por Ciencias Políticas, Historia, Dereito, Medicina, Pedagogía, Administración e Dirección de Empresas ou Filoloxía.

En canto aos seus usos lingüísticos, tamén os grupos se configuraron de forma heteroxénea, tanto no referente á lingua inicial como á habitual, como se pode ver na seguinte táboa:

	G1	G2	G3
Idade	Entre 19 e 25	Entre 18 e 25	Entre 18 e 28
Sexo	4 homes / 1 muller	3 homes / 5 mulleres	1 home / 5 mulleres
Lingua inicial	2 castelán / 2 galego / 1 galego e castelán	4 castelán / 4 galego	3 castelán / 2 galego / 1 NS/NC
Lingua habitual	2 castelán / 3 galego	2 castelán / 4 galego / 2 bilingües	3 castelán / 2 galego 1 bilingüe

Táboa 1: Perfil social e lingüístico das persoas informantes

Antes de pasar á análise polo miúdo dos diferentes aspectos que se abordaron nos grupos, cómpre sinalar que se trata dun tema que suscita diferente interese entre os informantes. Mentres a maioría dos participantes no G1 manifestou un gran interese (de xeito que falaban destes asuntos previamente en varias ocasións, coa familia, amizades, etc.), no G3 apenas pensaran nunca no tema. Pola súa parte, no G2, só algúns manifestaron certa curiosidade por cuestións deste tipo. O feito de teren ou non pensado algo sobre o tema deriva en que o discurso se mostre máis ou menos elaborado, comprobando así que no G3 vai xurdindo durante a realización do grupo.

Co obxectivo de conseguir informantes afectados polo tema da galeguización, á hora de seleccionalos, intentamos que tivesen apelidos ou nomes castelanizados, galegos ou galeguizados. Porén, non sempre foi posible acceder a este perfil, de xeito que no G1 só había un informante cun apelido restituído á forma galega orixinaria e varios que tiñan ou apelido ou nome castelanizados. Por outra parte, no G2 coincidiron varios apelidos castelanizados e un nome, mentres que no G3 cadraron nomes en galego e só un apelido castelanizado.

A continuación imos mostrar os resultados agrupados en dous grandes bloques temáticos: un que xira arredor da galeguización de nomes e apelidos, é dicir, a súa restitución á forma orixinaria galega; o outro arredor da percepción e valoración dos nomes propios nas diferentes linguas. Estes dous bloques foron decididos por nós despois de realizar os grupos e tras unha primeira análise sobre como se foi configurando o discurso. Con todo, hai que ter en conta que esta separación xorde para sistematizar e expoñer de forma máis clara os resultados, xa que son dous bloques que, inevitablemente, se entrecruzan.

2. GALEGUIZACIÓN DE NOMES E APELIDOS

En primeiro lugar, constatamos que hai, en xeral, un grande descoñecemento sobre a onomástica galega e, especialmente, sobre o proceso de castellanización que sufriu ao longo da historia e as posibilidades que existen para volver os nomes e apelidos á súa forma orixinaria.

A nivel xeral, a restitución ao galego de nomes e apelidos só se considera positiva por unha parte moi pequena da mostra, que apela precisamente á cuestión de recuperar a forma tradicional orixinaria. Pola contra, hai unha serie de aspectos que se perciben como determinantes na galeguización e que se consideran negativos. Estes son: a) a influencia dunha ideoloxía nacionalista, b) o peso dunha tradición familiar que se remonta sempre a etapas recentes, posteriores á castellanización, e c) unha burocracia que se presupón complexa aínda que a gran maioría carece de información sobre o procedemento administrativo que cómpre realizar. A continuación afondamos en cada un destes aspectos e, por último, analizamos a reacción ante os casos de galeguizacións non desexadas, é dicir, aplicadas por terceiros fronte á vontade da persoa implicada.

2.1. Galeguización por razóns ideolóxicas

Un aspecto no que coincidiron todos os informantes dos diferentes grupos foi na atribución de motivacións ideolóxicas ao feito de galeguizar os nomes ou apelidos. En efecto, nos tres grupos xurdiu de forma espontánea, no G1 e G3 xa desde as primeiras intervencións, tardando un pouco máis no G2, aínda que apareceu nos mesmos termos.

No G1 xorde xa cando un dos informantes –con nome en castelán cun correspondente en galego tradicional, tipo Agustín– afirma que pensou algunha vez galeguizalo, xa que se sente máis identificado coa forma galega, precisamente por razóns ideolóxicas: “síntome máis identificado cun nome en galego simplemente (...) no meu caso pode ser que sexa algo ideolóxico” (G1: 33, H2¹).

1 Sempre se garante o anonimato das persoas participantes polo que, para a difusión das súas citas, empregamos un sistema de identificación a través da asignación aleatoria dun número que vai precedido dun H se se trata dun home e dun M se é muller. Ademais, cómpre ter en conta que ao estarse reproducindo lingua oral, gráfase sen os signos de puntuación propios da escrita (puntos, comas, puntos e coma, dous puntos...), só se empregan signos de interrogación e exclamación e puntos suspensivos coa mesma finali-

A maioría das persoas que participaron nos grupos concordan en que se trata dunha cuestión ideolóxica: “mudan por ideoloxía si” (G3: 65, M9). Esta cuestión “ideolóxica” concréta-se en todos os grupos nunha ideoloxía denominada galeguista nuns casos e nacionalista noutros:

H8: eu coñezo quen traduciron o nome todos os que coñezo foron do castelán ao galego e creo que aí xa é un tema máis ideolóxico que:: que outra cousa algún que si pois que lle gustaba xurxo que jorge por exemplo e se puxeron xurxo pero todos os que coñezo se moven tamén en ámbitos así ideoloxicamente galeguistas i tal entón eu creo que eso é tema máis ben ideolóxico (G3: 50).

M11: persoas que se moven en ámbitos ideoloxicamente galeguistas (...) as maría Jesús de hai 40 anos pois e: foron o sea foron crescendo e foron configurando a súa ideoloxía política: e: si a súa ideoloxía galeguista e chegaron un momento en que quixeron ser maría xesús non? (G3: 64).

No G1 inciden na mesma idea: “non todos os casos son por ideoloxía pero a maior parte dos cambios de castelán a galego son por cuestión nacionalista” (G1: 166, H3). E no G2 xorde tamén o tema a propósito dunha anécdota que conta unha das informantes para contrastar, por unha parte, as traducións non autorizadas que adoitan realizar determinadas persoas e, pola outra, a vontade persoal cara á mudanza que manifestan algúns individuos por razóns ideolóxicas:

M6: (...) chámase sandra non? entón ela dependendo de en que ambientes empezou a chamarse xandra e na casa seguía sendo sandra pero para determinada xente que a nivel político tiña marcado carácter nacionalista era xandra (...) se ela vai cambiando o nome e todo eso xa... (...) un carácter marcadamente un nome galego asociado a: a corrente político-ideolóxica que tiña esa persoa que eso sería para min o prexuízo que hai ou como o socio non? (G2: 184).

Todos e todas as informantes consideran que o feito da galeguización é un aspecto que marca dunha ou outra maneira: “levar a molestia de cambiar do castelán ao galego pola túa posi- eso di bastan- di bastante de ti” (G1: 34, H3)”. Isto afirman nun grupo onde un dos participantes (H1), que realizara os trá-

dade ca nos textos escritos. Tampouco se usan maiúsculas cos criterios ortográficos normativos, pois estas actúan como marcadores de entoación.

mites de galeguizar o seu apelido, indica como razón que se trataba de recuperar o nome orixinario que aínda se conserva na aldea e no alcume da familia. Ante isto, unha das compañeiras do grupo contrapón este tipo de motivos cos que o fan por “unha idea”, contrastando así dúas posibles posturas e cualificando a primeira como positiva, fronte á que responde á motivación ideolóxica: “o que fixo el [sinalando a H1] non o vexo como unha idea, véxoo tan xustificado en plan (...) existe o lugar, existe a casa, a miña familia é de alí... é que eso é distinto, eso non é por unha idea, é pola orixe do nome...” (G1: 35).

Polo tanto, o feito de galeguizar o apelido ou o nome pódese converter nun estigma, ou así o ven e o manifestan de forma explícita dúas das informantes do G2:

M4: si eu creo que é un estigma ás veces porque este amigo que vos comentaba ten un tío que galeguizou o seu nome e é como aí vai xosé el galleguista ese sabes?

M3: a xente que cambia o seu nome si que é un pouco... ás veces a xente marca moito (G2: 163).

Un dos informantes pensa que é unha cuestión que ocorre máis se o nome ten unha tradución moi evidente e ademais se se trata dun nome cuxa versión en castelán é moi frecuente: “ou se cadra xosé sendo tan habitual josé si que é como unha marca un pouco por exemplo uxío ou xiana xa os temos un pouco máis incorporados socialmente” (G2: 166, H7).

Tamén xorde algunha voz que defende estas motivacións ideolóxicas, aínda que corresponda a un mozo que asegura que non quere adaptar nin sequera á grafía galega o seu apelido (cambio de y grego por i latino), xustificándose no peso da tradición familiar, aspecto este no que afondaremos na seguinte epígrafe: “eu creo que é totalmente normal (...) se ti defendes uns ideais e ti cres nunha cousa pois é normal que apliques e creo que é natural e nadie o debería ver mal vamos / unha cousa totalmente respectada” (G1: 169, H3).

2.2. O peso da tradición vs. proceso de castelanización

O peso dunha tradición que se remonta sempre a etapas posteriores á castelanización (normalmente aos seus avós) é un dos argumentos que máis se barallan en contra da galeguización, sobre todo no caso dos apelidos:

M4: eu teño un amigo que se apelida feijoo e non vai galeguizar o apelido nin de coña e ademais chámase luis e moléstalle moito que lle chamen lois (...)

MOD: teno claro que non / e cales son os argumentos que:?

M4: historia e tradición

H5: eu igual! teño un compañeiro que se apelida igual i teno clarísimo é o seu apelido a súa familia i (bate co puño na mesa) con ela hasta o final! (G2: 29-32).

Así, os informantes cun nome ou apelido susceptible de se galeguizar basean o seu rexeitamento en gran parte na hipotética opinión negativa da súa familia. Incluso en casos en que recoñecen que non falaron nunca do tema a nivel familiar, amosan gran preocupación ante a posibilidade de que este cambio sente mal. É o caso dun dos informantes do G1, que afirma, cando se lle pregunta por que non efectuou –despois de pensalo varias veces– os trámites para galeguizar o nome: “que me dá moita mágoa o que lles pode parecer, de feito é unha das cousas que me tira para atrás para cambiar de nome” (G1: 54, H2).

Igualmente, no G2 atopamos outra moza que ten un apelido coa forma en castelán, que ademais mostra –no conxunto do seu discurso– certo compromiso coa lingua, e incide tamén nesta mesma idea:

M4: (...) eu si que penso pero co meu apelido que pensarían os meus a miña familia e eu quixese cambiar o meu xxx² pois ás veces si que o penso non? pero non sei /é decisión de cadaquén o sea é decisión o sea se os meus fillos o fixeran non teño ningún problema eh? (G2: 278).

O grande peso que a tradición familiar exerce no apelido, para algúns informantes, entra en relación directa co grande descoñecemento que existe entre toda a mocidade arredor do proceso de castelanización que sufriu a onomástica galega (Boullón Agrelo 2009: 2-6). Por exemplo no G3, unha das participantes non foi quen de citar un exemplo de apelido que se puidese restituír ao galego: “no sé qué apellido se puede galleguizar/ ahora mismo no se me ocurre ninguno...” (G3: 163, M8). Tanto é así que nunca sacaron a colación, en ningunha das conversacións, formas castelanizadas que son evidentes e constitúen claras deturpacións

2 Elimínanse as referencias directas aos apelidos ou nomes citados para manter o anonimato das persoas participantes.

por seren adaptacións fonéticas de termos galegos: Cereijo, Ameijeiras, Crujeiras, Enjamio... De feito, introducímolas nós no debate nos tres grupos e o resultado foi constatar o descoñecemento case absoluto do asunto e a falta de conciencia de que fosen formas castelanizadas. A ignorancia sobre o proceso de castelanización da onomástica queda de manifesto en todos os grupos, pero é no G3 onde resulta máis evidente, tal e como se aprecia no seguinte fragmento, que recolle as reaccións despois de que un dos informantes (H8) mencionase que si escoitou falar da existencia de apelidos castelanizados:

Mod.: nin sequera erades conscientes deste feito de que hai moitos apelidos que están castelanizados?

M8: non non

M9: non / eu non o sabía / pensaba que era así xa:

M7: yo tampoco

M11: eu non me parei a pensalo a (...)

M10: nin idea

M11: e do fenómeno que falaba H8 de que aquí houbo un proceso de castelanizar apelidos a verdá é que o descoñecía (G3: 90-113).

Con todo, resulta curioso que o único informante (H8) que manifesta certo coñecemento sobre este proceso de castelanización, cando se refire ao seu apelido en concreto non o acepta e busca a xustificación na procedencia foránea do mesmo, cando en realidade se trata dunha forma coincidente cun topónimo galego claramente castelanizado na súa forma antroponímica, do tipo Alfaya. Ademais asegura: “á parte que estou moi contento con ser xxx eu non o traduciría aínda que houbera tradución” (G3: 349, H8). Entra así aínda máis en contradición co que dixerá el mesmo momentos antes na conversa a respecto da restitución de apelidos á súa forma orixinaria:

H8: (...) si nos vamos ás raíces de todo / si o importante é manter as raíces de todo hai que volver ao apelido orixinal / si o apelido orixinal era: pois cereixo non pode ser cereijo se iso é o que prima o sea non entro en temas de gustos i tal pero se o intentamos man-

ter é unha tradición vamos a facelo ben e collemos a tradición de verdá que é o apelido orixinal (G3: 170).

Así mesmo, un informante de G1 manifesta o seu acordo con manter formas orixinais, ao tempo que –dentro do seu descoñecemento do proceso de deturpación que sufriron algúns apelidos– chegou a cuestionar a castelanización producida en “Cereiño”:

H3: o amigo que teño que se chama cereiño de toda a vida que eu non sabía que viña de cereixo... (...) cereiño eu non lle chamaría cereixo por moito que estivera de acordo que tivera que manterse o nome orixinal que eu tampouco sei se é orixinal neste caso/ se é unha castelanización ou o caso contrario era orixinario cereiño e en galiza convertimos en cereixo... (G1: 211).

No entanto, no G2 atopamos dúas informantes que, a raíz de sacarmos nós o tema, reaccionaron como se se tratase dunha realidade coa que se enfrontaran xa noutras ocasións. Unha delas afirma a propósito destas formas deturpadas: “pufff pitan no oído” (G2: 53, M6), mentres a outra, a continuación, leva a súa reflexión cara a que provocan máis estranxeza os apelidos que recuperaron a forma orixinaria galega por teren menos presenza, aspecto no que concordan outros membros do grupo:

M3: pero a min chega un punto que en vez de chirriarme os apelidos casteláns chirríanme os apelidos galegos por exemplo feijoo a min o nome de feijoo pois debido ao presidente ou a diversos motivos sóname bastante común e bastante familiar pero feixoo que sería o propio non me sona nada... non me gusta sóname fatal e:

H5: claro acostúbraste i: saír de aí despois é complicado (G2: 55-57).

Este peso do costume, que vén dado polo feito de levar anos, e séculos (Boullón Agrelo 2016a: 12,13), na forma castelanizada é un argumento que conta con bastante aceptación. Mais ao lado disto tamén apreciamos que hai algún informante que reconece que houbo un proceso de castelanización e que as formas en galego serían as correctas, tal e como vimos que dicía M3 que Feixoo “sería o propio”. Atopamos tamén o testemuño dun dos informantes sobre a historia do seu apelido familiar:

H7: (...) meu avó era pontes³ e: pasou a ser no rexistro xxx puentes e aínda que na casa el presentábase como pontes na casa bue- (...) no rexistro si que llo cambiaron (...) pero bueno a xente refírese a eles como pontes (G2: 42).

É neste discurso arredor do proceso de castelanización que ocorreu nun pasado recente onde se formula a aceptación da galeguización dos apelidos como proceso que restitúe formas orixinarias. De feito, tres participantes neste grupo (M3, H6 e H7) afirman que consideran correcto este proceso de regaleguización cando antes se castelanizaran. Con todo, a persoa que asegura que faría o cambio, xa ten apelidos tradicionais galegos e que non sufriron ningún tipo de mudanza, polo que non é algo que lle afecte directamente: “eu vexo bastante ben que se galeguicen os nomes que se debido ao rexistro civil se castelanizaron eu no meu caso faríao pero os meus nomes non se pode neste caso” (G2: 46, M3).

Esa idea de volver os nomes ao seu “espazo natural” que se verbaliza neste grupo (G2) argumentase co apoio da necesidade de depurar a lingua de castelanismos, depuración que lle afectaría tanto ao léxico común coma á antroponimia. E nesta liña consideran que aqueles apelidos que teñen forma e/ou grafía claramente castelá, se tivesen orixe foránea, habería que conservalos.

H7: (...) se temos unha expresión galega que quere dicir algo por que vamos usar a expresión castelá? (...) penso que está ben facer ese esforzo e cos apellidos un pouco o mesmo / non sei porque non se vai facer / é un pouco volvelos ao seu espazo natural / igual que se eu me apelidase otero pois se viñese de fóra supoño que o mantería se é a súa orixe castelán quero dicir (G2: 57).

Non obstante, segundo o que levamos visto, na maioría das ocasións a idea de manter o apelido “orixinal” e conservar a “tradición” conforma o eixe que actúa en contra da galeguización, pois a tradición redúcese ao pasado recente, no que os apelidos xa estaban castelanizados, de xeito que a forma galega orixinaria lles resulta descoñecida e/ou estraña. Manter a tradición do apelido relaciónano directamente coa súa transmisión de xeración en xeración, discurso que se reproduce –con diferentes graos de intensidade– en todos os grupos:

3 Co mesmo afán citado de manter o anonimato dos participantes, mudáronse nas transcricións os apelidos reais dos informantes por outros similares que servisen para explicar o que eles pretendían argumentar.

H3: (...) non sei cantas xeracións pero si que sempre houbo xxx con y griego entonces é unha cousa que vexo un pouco natural... hai un pobo que é de onde: é orixe da miña familia que é xxx con i latina pero nunca me plantei cambiar (G1: 5).

M7: si me cambian el apellido para ponérmelo más gallego pues me voy a enfadar porque es que yo quiero el apellido de mi padre o el de mi madre (G3: 239).

Vemos claramente que o discurso que xira arredor de manter o apelido como un elemento de tradición xeracional, porque liga ás persoas coa súa familia e co seu pasado, resulta bastante unánime e desemboca na defensa da non intervención para normalizar a antroponimia, especialmente no caso dos apelidos.

Unicamente un informante do G3 propón unha solución de cara a romper co peso desa tradición a través dunha intervención da administración educativa que solvente o descoñecemento que existe arredor deste tema:

H8: non / eu creo que a única maneira que ten a administración de entrar no tema dos apelidos sería por exemplo que en galego cando se dá pois historia de galicia un pouquiño de literatura no contexto se nos dixera pois mira hai equis apelidos que antes eran así ahora son así pois tal que o miren que a única forma sería entrar mediante a educación que non non adoutrinarnos pero si que soupéramos o que pasou e logo xa cada un que decidira (...) igual hai moitos cereijos que non sabían que nun momento foron cereixos (G3: 238, 240).

2.3. A galeguización da antroponimia á sombra da toponimia

O argumentario que acabamos de analizar con respecto á antroponimia contrasta coa postura que defenden arredor da toponimia, comparación que xorde ademais en todos os grupos, no G3 e no G1 de forma espontánea e no G2 inducida pola moderadora. En efecto, amosan en xeral unha clara aceptación do proceso de normalización dos nomes de lugar, intervido pola administración, fronte á negativa ante unha posible lexislación arredor da antroponimia. Acabamos de ver na epígrafe anterior como M7 no G3 manifestaba o seu enfado cara á posibilidade dunha intervención do goberno nos apelidos (“si me cambian el apellido para ponérmelo más gallego pues me voy a enfadar”), mentres que noutro momento defende o emprego do topónimo Ourense na súa forma galega:

M7: (...) creo que es mucho más fácil decir por ejemplo ourense que nos lo han cambiado en su momento nos lo habían cambiado por orense y ahora pues lo dice todo el mundo ourense y como que si lo dices mal viene una persona por detrás/ que no es orense que es ourense que estamos en galicia que es muchísimo más fácil que por ejemplo no sé decir un apellido villa pues vila es como que: no sé es más complicado (G3: 214).

Esta comparación coa toponimia ofrece puntos de análise interesantes. Comprobamos como todos os participantes nos grupos manifiestan ter a conciencia de que na toponimia se produciron avances significativos, a pesar de casos de “resistencia”, sendo o que máis citan –por diante de La Coruña– o de Sangenjo (“cantas veces escoitamos na tele sangenjo” (G2: 79, M3); “que diga sangenjo un presidente do goberno! (...) a min me parece unha pixería sangenjo” (G3: 201, M9). En contraste, a inexistencia dun proceso normalizador da antroponimia⁴ queda explicitado na intervención dun membro do G1, co que os outros concordan:

H1: (...) mira cos topónimos como se fixo unha lei e se implicou xxx e si que se con-seghiu aínda que nalghúns casos se resistan tipo la coruña sangenjo e tal pero que case todo o mundo asumise que o nome normal e que é de común consenso chamarche pois eso é porque fixeron un traballo para que fose así (...) consigheuse de que os topónimos volveran á súa forma orixinal e ninguén se sorprende de que xuño é o nome orixinal aínda que na igrexa aínda esté rotulado o vello juno/ en cambio cos apelidos como nada se fixo sobre eso... pois a xente veo como... ui ui ui que me atacan mi personalidad (...) a ninguén do meu entorno nos ghusta disir juno nin nos ghusta disir santa eugenia en cambio son supernormales o teijeiro de miña nai (G1: 202).

Incluso unha informante manifesta estrañeza ante a forma *Órdenes*, pois ela só coñecía a forma galega orixinal:

M4: cando chegas aquí dinche órdenes e dis... que?! (risos)

Mod: que che chama á atención ordes ou órdenes?

⁴ Na realidade non houbo, tal e como xa analizou Boullón (2016b: 198), política pública para a normalización dos nomes e apelidos, xa que a administración autonómica prestoulle pouca atención ao tema e só destacan iniciativas de institucións como a Universidade de Santiago de Compostela, a de Vigo ou a Mesa pola Normalización Lingüística, entre outras.

M4: órdenes (...) ti velo no instituto co nome oficial (...) dinche órdenes e dis ah! (G2: 92-96).

As voces críticas coa castelanización dos topónimos érguense en todos os grupos, sobre todo no G3 onde persoas informantes ás que non se lles percibe compromiso co galego poden chegar a afirmar que empregar un topónimo deturpado “es como que estás rechazando tu propia tierra no?” (G3: 212, M8) e póneno en relación coa propia idiosincrasia do pobo galego, fronte ao que pasa en Cataluña, onde, segundo H8, “ninguén di Lérica” (G3: 196).

Vemos que, fronte a esta aceptación, non só dos topónimos coa forma galega, senón do propio proceso normalizador da toponimia, existe unha oposición cara á restitución dos antropónimos castelanizados. A maioría conclúe que “socialmente está moito máis aceptado á hora de cambiarlle o nome a un pobo que cambiarlle o nome a unha persoa” (G3: 189)⁵. En xeral nos tres grupos concordan en que resulta máis fácil que as institucións controlen a toponimia que a antroponimia, por ser aquela de dominio público fronte ao carácter privado e individual que teñen os antropónimos. De feito, non consideran que a solución poida estar en legislar:

H3: é distinto para min é distinto porque é moito máis fácil evanxelize un pouco con algo que é de dominio público os nomes de lugares (...) que evanxelize con algo que é moi propio teu que é o nome e o apelido /é máis difícil que se poda facer o labor de: todos os apelidos e nomes en galego (...)

H1: e campañas de explicar e animar... sen oblihar que aquí a xente estrésase moito... (G1: 203-206).

No G2 argumentan na mesma liña, xustificando nesa vontade individual que rexe no caso dos apelidos, a dificultade que lle ven ao proceso normalizador⁶:

5 Hai quen –diante desta afirmación– presenta algún matiz co que varios concordan: “bueno eu creo que cambiarlle oficialmente o nome a un pobo pode ser doado outra cousa é cambialo na fala da xente” (G3: 190).

6 Só unha persoa neste grupo ve máis difícil a galeguización da toponimia, baseándose en que esta afecta a toda a poboación e non é coma no caso das persoas que poden presentarse cun determinado nome ou apelido coa forma galeguizada, feito que normalmente se respecta: “M3: (...) se lle dis a unha persoa apelídome desta forma vaiche chamar así pero na toponimia (...) se é decisión túa ti podes decidir galeguizalo ou non pero o lugar ao non ser de nadie cada un dálle a súa interpretación como el mundo que os castelaniza todos ou cantas veces escoitamos na tele sangengo sabes?”.

H5: eu creo que non que non é o mesmo porque no tema dos apelidos entras na vontade da persoa tamén (...)

M4: na toponimia hai moita máis concienciación

H5: claro ao final é un lugar pero o apelido é o teu

M4: xxx chirría no oído pero: que ao mellor un apelido non te chirría tanto

H5: i o da aceptación tamén do apelido que che soa tan tan común que cambialo ao mellor... eu estou a favor a min encantaríame que iso pasara pero: (G2: 66-70).

E nesa frase en suspenso que deixa H5 percíbese a dúbida de que a sociedade galega estea preparada para asumir unha restitución da antroponimia. De feito, arredor desta cuestión xorde o discurso da imposición:

M11: bueno de todas formas a min si a administración me impón cambiar o meu apelido::

H8: si si está claro [sopridos]

M11: a ver podo estar de acordo ou non (...) todos os ameijeiras pasen a ameixeiras e: pois algún ameijeiras estarán moi de acordo estarán encantados da vida pero haberá outros que non e ademais todo o que é imposto sempre: sempre ten máis polémica, non? (G3: 232-237).

Ao final sempre aparece a argumentación que apela á dificultade de romper coa liña familiar, co apelido dos proxenitores: “é moito máis difícil porque non cadraría bueno cadraría daquela maneira o nome o apelido de teu pai cereijo agora eres cereixo é raro” (G3: 227).

En relación con esta liña argumentativa, cabe destacar tamén a postura común de maior tolerancia ante a galeguización dos nomes ca dos apelidos, que deriva dese peso que exerce a tradición familiar cara ao apego ao apelido:

M9: eu penso que non que é moi distinto un apelido dun nome un nome podes facelo con maior facilidade que un apellido non sei un apellido é algo xeracional non? / galeguizalo non sei leva con el moito máis que cambialo así de repente que un nome non sei eu penso que é distinto un apelido que un nome (G3: 87).

Así, cando se lles pregunta aos participantes nos grupos que lles parecería que os seus fillos ou fillas galeguizasen o nome ou o apelido, hai coincidencia en rexeitar máis a galeguización no caso dos apelidos: “el apellido me molestaría más que lo cambiase” (G3: 161, M7); “no sé a mí también me parece me parecería mal que se galeguizara el apellido” (G3: 163, M8). A razón principal que aducen é aquela historia e tradición da que falamos arriba: “o nome é unha elección nun momento o apelido ten unha historia e os nomes poden ter historia ou non tela” (G1: 68, M1). A raizame do apelido é un argumento que empregan moitas das persoas informantes en varios grupos:

M7: en el momento en que cambias tu nombre pero bueno vale pues lo cambiaste y ya está pero los apellidos ya me parece un poco peor porque: pues es tradición es tu familia (...) es parte de:: de un árbol genealógico y no sé me: (G3: 157).

H7: a min inflúeme máis o apelido máis que o nome un cambio no apelido porque creo que é algo máis significativo a nivel familiar / ao final un nome pois eu que sei (concordan varios) e se un pasa a ser xoán pois ao mellor na casa pois seguirá sendo juan ou.. pero cos apelidos si que crea un pouco de certo confito na casa (...)

M4: igual nos apelidos máis ca no nome

M6: (...) o nome da casa! non vas cambiar o apelido de toda a familia / non eres ti despois (risos) (G2: 277-280).

2.4. Burocracia

A burocracia, en xeral, non se cita directamente como atranco para a galeguización porque en realidade non saben dela, xa que practicamente ninguén se informou sobre o tema e moito menos o viviu en primeira persoa. Con todo, cando sae a cuestión, todos mencionan a impresión de que debe ser algo pesado, impresión carente de fundamento, polo tanto, en todos os casos menos o de H1 (G1). Este informante dá conta de primeira man da tramitación burocrática que realizou no proceso de galeguizar un dos seus apelidos, experiencia pouco gratificante:

H1: (...) fixen todos os papeleos que son horribles e xa está (...) si tiven un problema administrativo máis concreto que é que a xuísa de ribeira en plan que ela era andalusa e

eu cheghei cos documentos en ghallego e que non os entendía e tuven que faselos en ghallego e en español e logho que non sabía cal era a tradución e tiven que pedir un documento á real academia... logho pideume partida de nasimento certificado de empadronamento o do censo... (...) dixéronme na mesa pola normalización que noutros xulghados non era tan complicado.

Á parte de H1, só atopamos mínimas referencias a este asunto. Ademais do testemuño de H2 (G1), que comenta que pensou moitas veces en galeguizar o nome pero non chegou a informarse sobre o procedemento, temos a achega de M6 (G2), cuxo pai galeguizou o seu nome nos albores do proceso, e é a única que ten unha visión do tema como algo doado (“eu creo que o fixo no ochenta e pouco i creo que foi unha cousa moi sinxela pero non sei como foi”). No G3, sen facer referencia directa aos trámites burocráticos da galeguización dos antropónimos, unha informante manifesta a súa impresión sobre a dificultade que ese proceso debe significar na vida dunha persoa:

M7: aún así me parece complicado cambiar el nombre porque todos los papeles que tenemos sobre todo en el momento en el que te haces mayor de edad que empiezas a tener 20.000 historias cambiar galleguizarlo o lo que sea pues cambiarlo por otro me parece bastante complicado complejo mucho papeleo tener que moverte el dni buf dios (G3: 222).

As complicacións co papelame derivadas do proceso de galeguización aparecen expresadas a través de casos reais no G1 e no G2:

H1: aínda que ás veces é imposible que todo sexa coa forma ghalega porque continúa aparecendo en castelán / vas á seghuridade social mándanche a tarxeta nova e ves que volve estar en castelán e dis... esto non acaba nunca! (G1: 23).

No G2 unha moza conta o caso dun coñecido que mudou o nome no rexistro e tróuxolle problemas para votar, aínda que o resto do grupo non lle dá creto á historia:

M3: eu non estou moi ben informada do tema ese rapaz díxome que fora ao rexistro e díxome que debido ao seu cambio de nome non podía votar pero non sei porqué / non sei se agora pode ou se sigue sen poder / ao que me refería eu é que hai moitas persoas que non cambian o nome por eses motivos polo medo a polo papeleo a cubrir e por certos inconvenientes que se che poden presentar

M2: polo medo ao que dirán os demais e... <si> que te van etiquetar (G2: 202).

Os demais participantes inclínanse pola xustificación que dá M2 ao caso presentado e acaban avogando por unha solución práctica para a galeguización que reducen a solícitalo sen facer trámites oficiais, aspecto sobre o que se abre un debate no que non chegan a acordo entre os que pensan que é máis importante a práctica fronte aos que pensan que é mellor oficializar a mudanza:

H6: eu penso que cada un podería elegir como se chama (...) se me chamara juan preferiría que me chamara xoán ou josé-xosé

Mod: pedir que te chamen así independentemente de que logo fagas o cambio nos papeis ou no dni

H6: si: ti preséntaste como xoán aínda que te chames juan (...)

M5: (...) o verdadeiramente importante é o uso (...) o feito de que na escritura aparezca é moi importante pero xa que temos esa posibilidade legal pois hai que facer uso dela (...)

M2: eu pola contra penso que é máis importante levalo á práctica porque así xeración tras xeración vaise ir recuperando mentres que así oficialmente é un papel pero se non o utilizas na túa vida real (...)

H5: non sei eu non o teño claro (...)

M6: eu creo que para min o máis importante é o uso a parte administrativa é un gran avance pero vale máis eso a vontade persoal (G2: 192-198).

2.5. Galeguizacións non autorizadas

Un aspecto que xurdiu de forma espontánea en todos os grupos foi o que demos en chamar traducións, ou galeguizacións, non autorizadas. Houbo en todos os casos unha manifestación unánime de repulsa cara ás traducións que algunhas persoas fan –*motu proprio*– dos nomes casteláns doutras. De maneira xeral considéranas unha mostra de falta de respecto cara a aquelas persoas que non teñen ningunha vontade de mudar o seu nome: “a min paréceme unha falta de respecto” (G1: 98, H4), “estás faltándolle ao respecto” (G2: 184, M6). Aínda que no G3 fan fincapé en que non admiten a tradución cara a ningunha das linguas:

M11: considero que non teño dereito ningún a galeguizar ou castelanizar o seu nome

M8: no me parece nada bien que la gente traduzca el nombre a la hora de llamar a una persona / molesta.

M9: tienen que respetar el nombre que tienes y ya está (G3: 51-53).

De todos os xeitos, cómpre chamar a atención sobre o feito de que xustifican de forma moi diferente as traducións non autorizadas segundo se produzan cara a unha lingua ou cara a outra. Aínda que o tema prende arredor das traducións que se adoitan producir de nomes casteláns cara ao galego, en G2 e G3 fan referencia á tradución que se fai ás veces ao contrario. Mencionan aqueles nomes que son moi frecuentes en castelán e nos que adoita mudar só un fonema (Carme-Carmen ou Xulia-Julia). A estes casos danlle unha xustificación que ten que ver coa frecuencia de Carmen e de Julia e, polo tanto, co costume de pronuncialos en español, polo que aducen ignorancia ou inconsciencia:

M3: pois no meu caso fíxeno eu inconscientemente / tiña unha compañeira que se chama carne e eu inconscientemente motivada porque todas as persoas o nome común é carmen eu (...) sempre lle chamaba carmen e ela sempre me dicía / non é con n quítalle a n que é carne e nese sentido costa traballo porque eu non o facía aposta pero estás tan acostumada aos nomes... (G2: 184).

H7: eu nese sentido teño un par de experiencias curiosas porque traballei como monitor de tempo libre na.... e cunha nena que se chama xulia pois varias das compañeiras chamábanlle julia e creo que era inconsciente nenas de nove anos de des anos saíalle natural julia e julia para aquí e tal e a outra non que son xulia

Mod: a nena reaccionaba?

H7: si / ás veces non pero outras veces si (...) e tñámolo falado é xulia chámase xulia e quere chamarse xulia e seguíalle saíndo moitas veces de forma natural julia porque estarán máis afeitas supoño (G2: 189).

Un dos participantes conta o caso do seu irmán –Xosé– ao que a súa profesora de primaria lle traduce o nome reiteradamente para José, feito que el considera inadmisíble, algo co que concorda o resto apoiándose na cuestión do respecto:

H8: (...) me parece de ter unha superioridade moral ante ao neno que me parece oye tía córtate un pouco á parte cho está dicindo que se non llo dis (...) son prexuízos é a típica señora que lle molan os nomes en castelán (...) á parte é que o estás poñendo en ridículo diante dos compañeiros (...) pero bueno eu creo que ese tipo de cousas si que había que cortalas ou: pois dalgunha maneira darlle á xente mecanismos para:

M9: é respecto simplemente (G3: 57-58).

Mais as traducións non autorizadas ao galego preséntanse con outro matiz. Os e as informantes de todos os grupos fan referencia a este proceso coma un caso bastante frecuente que todos viviron, se non en carne propia, a través dun irmán, familiar ou compañeiro de escola ou instituto. Todos sacan a colación o tema para expresar a mala resposta que adoita ter. Lévanse a cabo bastantes referencias ao profesorado de galego dos institutos como colectivo que tende a ter esta, desde unha perspectiva maioritaria, mala práctica:

H5: eu teño un amigo que se chama alfonso i sempre me acordo que en clase de galego nós tiñamos un profesor que se empeñaba en chamarlle afonso i levábo fatal! pufffff era unha batalla persoal...

M4: ao meu amigo pasáballe igual empezamos a chamarlle lois porque o profé de galego empezou a chamarlle lois (G2: 183-184).

Cando xurdiu este tema no grupo 1 a propósito da anécdota que contara H1 sobre un coñecido chamado Joel, ao que un amigo lle preguntou se lle importaba que lle chamase Xoel, créase un gran debate no que se lle acaba dando unha explicación ideolóxica a este feito:

M1: non entendo que leva a unha persona a preferir / que se chama Joel chamarlle Xoel (...)

H4: no caso de martiño vexo un pouco como eso como matiz afectivo de: martiño como quen di martinciño pero xulia julio ou joel xoel o chaval que o diría non o faría con ningunha mala intención pero realmente non entendo moi ben por que alguén lle preguntaría sabes? podo chamarte desta outra maneira? porque realmente paréceme un pouco como:: (...) non sei se será por ideais do chaval ou porque lle soa moito mellor (...) din eso que se chama juan e eu digo jo mólamme moitísimo máis john podo chamarte john mmm paréceme moi raro

Mod.: claro pero é exactamente o mesmo pasar de juan a john que de juan a xan?

H4: vivindo en galicia non (...) entonces non sei se hai un motivo ideolóxico (G1: 108-110).

Chama a atención que as traducións ao inglés non se consideran non autorizadas senón que en todos os grupos interpretan a forma anglosaxoa coma un alcume ou coma unha broma, e incluso nalgún caso venlle un matiz de modernidade, pero non as senten nin as asocian a motivacións ideolóxicas:

H3: pódese entender que o cambio de joel a xael é máis de ideoloxía e o de juan a john pódese ver un cambio máis máis natural se a ti te chaman así:: eu véxoo case normal si a ti

M1: eu penso que cando lle cambian a un idioma estranxeiro é como un apodo e cando lle cambian é unha tradución (...)

C1: é broma moderno

M1: é que eu creo que é tan distinto que xa o asumes como unha broma que non ten ningún valor sabes? non é como eso de joel xael é un cambio que moitos como decías ti antes xa o asocias un pouco cunha ideoloxía pero cando cambias a charlie a xente se supón non vai ser porque queiran cambiar os nomes ao inglés senón porque... gustoulle empezou coa broma (G1: 145).

Nos outros grupos insisten na visión da tradución ao inglés coma un alcume, coma se fose unha marca de distinción e de modernidade, pero non o ven en cambio como unha mudanza de nome:

H6: si pero é en plan mote si son motes porque hai tantas persoas que se chaman igual que se non recordas o apelido pois recorres charli ou así

M1: en plan mote non?

H7: e tamén soa ben (...) eu creo / por exemplo eu coñecín un charlie e era como máis guai chamarse charlie [concordan (risos)]

Mod: pero por exemplo antes cando comentamos con respecto a xulia julia ou ao revés dicíades que a xente reaccionaba mal en cambio neste cas-

H5: claro porque non é un mote estanche cambiando o nome (G2: 241).

Repárese nun fragmento significativo desta diferente valoración segundo a tradución sexa ao inglés ou ao galego/castelán, que evidencia o imaxinario existente arredor das traducións externas que se fan dos nomes: “non sei eu coñezo un que se chama jorge e moléstalle máis que lle chamen xurxo que lle chamen george” (G3: 259).

Unicamente escoitamos un mozo reflexionar sobre as motivacións ideolóxicas que tamén agochan as traducións ao inglés, aínda que se intenten presentar de forma naturalizada:

H1: cambialos sin que se note (...) porque non se ve como algo ideolóxico nin nada aínda que o sexa porque ten que ser ideolóxico

H4: ao final si claro

H1: o mesmo que poñer de moda as cousas anglosaxonas pero para que algo triunfe precisamente tense que ver como espontáneo aínda que nunca o é / por que motivo aquí si toda a vida a xente se chamou de determinada maneira (...) veñen os nomes en inglés se non é por algo ideolóxico (...)

H2: expresáchelo mellor ca min pero era o que quería dicir [risas] que o que vén de fóra tamén é tamén vén imposto doutra forma non? (...)

M1: a verdade é que nunca o pensara (G1: 145-152).

3. A LINGUA COMO CRITERIO NA ESCOLLA DOS NOMES DE PERSOA

Neste parte do traballo interesábanos descubrir se actualmente a lingua funciona como criterio á hora de elixir o nome para un neno ou nena. Pero, antes de nada, parécenos relevante constatar que a cuestión da escolla do nome propio esperata en xeral bastante interese, en contraste coa cuestión da galeguización, como acabamos de ver. Así, todos e todas as participantes confirmaron que destoutro aspecto xa falaran en varias ocasións, coa familia, amigos ou parella, incluso no G3, onde o tema da onomástica resultou máis alleo. Algúns informantes mesmo tiñan xa unha selección previa de nomes, a pesar de que, debido á súa idade, aín-

da vían lonxe o momento de ter descendencia⁷. Polo tanto, é un tema que resulta atractivo e, por veces, polémico, á hora de decantarse por uns nomes ou outros, aínda que tamén atopamos coincidencias significativas.

3.1. Percepción sobre o aumento dos nomes en galego

No que respecta á cuestión lingüística e, en concreto, á presenza de nomes en galego, percíbese en xeral un aumento nos últimos tempos, apreciación que xorde nos tres grupos xa desde as primeiras intervencións, nas presentacións iniciais:

M1: Eu sinto que hai unha tendencia a::: aos nomes en galego (...) máis que nomes galeguizados nomes máis pois máis propios máis galegos en si (G1: 12).

M3: Pero tamén é verdá que nos últimos tempos hai bastantes nenos con nomes en galego breogán uxío xiana (...) si ahora mesmo hai bastantes o sea unha tendencia si que hubo (G2: 101).

M11: no meu entorno actualmente hai unha tendencia a: a poñer nomes en galego ou ou: parece o sea teño a sensación de que se revaloriza o nome en galego (...) yo creo que hay una tendencia de poner nombres gallegos a día de hoy más que nombres extranjeros (G3: 6).

Con respecto a isto, cómpre aclarar que, entre os nomes que presentan as persoas participantes nos grupos como “galegos”, citan: Antía, Adelaida, Sabela, Noa, Roque, Xenxo, Breixo, Carme, Celia, Amalia, Xosé, Xurxo, María Xesús, Luzía (con z), Bieito, Xan, Alma, André, Carme, Breogán, Uxío, Uxía, Xiana, Xoana, Lourenzo, Antón. Como podemos comprobar, ao lado de nomes cunha aparencia galega claramente distintiva, tamén aparecen nomes que poderíamos denominar, seguindo a Boullón Agrelo (2016b: 193) “hispanicos comúns”, aínda que, como esta autora aclara, non son galegos “desde o punto de vista estritamente lingüístico, pero que os usuarios os teñen por tales (si o son, polo tanto, desde un punto de vista social)”. En efecto, a nosa investigación confirma estas palabras, pois os nosos informantes sinalan varios dos nomes que Boullón pon como exemplo desta categoría, como é o caso de Antía, Noa ou Antón. Pero

7 Lembremos que nos centramos en estudantes universitarios, cunha idade media de 21 anos.

ademais, no noso caso tamén consideran galegos outros, como Celia ou Amalia, que pertencen claramente á categoría de “hispanicos comúns”, ou Luzía (forma portuguesa e alemá) e Alma (nome español, italiano, portugués e alemán, segundo a páxina: <http://www.behindthename.com>), nomes todos eles que entraron recentemente no noso ámbito. Tamén algúns dos informantes se refiren a esta cuestión de que debemos entender por “nome galego”, reclamando como nomes nesta lingua os que coinciden co español e non só aqueles que presentan unha aparencia distintiva galega. En calquera caso, isto non é o habitual, como queda patente ao localizar os nomes que ao longo dos grupos son presentados como “casteláns”: Claudino, José Antonio, Manuel, Álvaro, Belén, Martín, José, Jorge, María Jesús, Benedicto, Benito, Antonia, Carmen, Manuela, Francisco, Darío, Antonio. Así, nestoutra listaxe encontramos, de novo, nomes cunha aparencia claramente castelá, pero tamén varios “hispanicos comúns”, como Álvaro, Belén, Francisco, Manuela ou Darío, nomes que, non obstante, se asocian sen dúbida co castelán, e non co galego.

Esta “tendencia” recente cara aos nomes ‘claramente’ galegos xustificana as persoas informantes en primeiro lugar “por moda” (“eu creo que hai unha moda de feito de nomes galegos”, G2: 106, H7; “por moda si ahora se comezan a levar máis os nomes en galego”, G3: 67, M9), e como tal considéranla pasaxeira ou transitoria: “tendencia que: a:: que a min me parece ben eu estou de acordo eh? de revalorizar o nome galego pero: pero creo que é unha moda e creo que pasará dende a miña opinión por desgraza pasará” (G3: 104, M11). No G1 aparece esta mesma idea, equiparando ademais a moda dos nomes en galego coa doutras linguas:

H1: pónense eses o mesmo que hai algúns nomes en vasco que tamén están de moda ou algúns nomes en inglés que tamén están de moda e son eses os que se escollen pero en xeral o que disía el os nomes comúns case sempre se poñen na versión española a non ser que alghún concreto pois dea eso un un... destes resultados modernos en plan (non lle vas) chamar Eugenia pero Uxía é un pouco cool entón quitas de Uxía e eses catro e o resto vai todo en español (G1: 13).

Como indica o extracto anterior, xorden escasas voces críticas, que, aínda recoñecendo o aumento dos nomes en galego, restrínxeno a eses poucos que están de moda e insisten no claro predominio do castelán neste terreo:

H2: houbo un certo boom dos nomes en galego inda a día de hoxe están moi moi reducidos (...) antes evidentemente practicamente non se poñían (G1: 10).

M5: eu penso que si eu penso que simplemente non estamos moi afeitos a escoitalo entón algo que se escoite xa lle podemos dar importancia pero aínda así o balance non é moi positivo (G2: 125).

Os e as informantes que elaboran este discurso comparan a situación de Galicia coa do País Vasco, Cataluña, ou mesmo Islandia, recorrendo a estes países como exemplos onde si predominan os nomes “propios” e atribuíndoo a unha maior valorización dos “marcadores identitarios”: “alí teñen unha conciencia nacional moito máis desenvolvida” (G1: 10, H2). A maior conciencia identitaria de Cataluña e Euskadi, en contraste con Galicia (as tres comunidades históricas), constitúe un tópicos recorrente nos diferentes estudos sobre actitudes e ideoloxías lingüísticas levados a cabo en Galicia (véxase por exemplo Iglesias 2002: 299, 306; ou Formoso 2013: 115-151), nalgúns casos presentando a situación naquelas comunidades de forma positiva e noutros negativa, por asociala a posturas radicalizadas.

Á parte das posibles causas, en efecto, os datos estatísticos dos que dispoñemos corroboran que, tal como perciben os nosos informantes, os nomes en galego aumentaron no século XXI, de menos dun 2% no século pasado a máis dun 10% no actual, e ademais fixérono en detrimento dos nomes en español, que descendieron a menos da metade dos existentes no século anterior. Deste xeito, desde o 2000 ao 2010, entre os nomes femininos predominan os galegos (13% fronte ao 9% españois), aínda que nos masculinos os españois seguen a ser maioritarios (24% fronte ao 12% galegos) (véxase Boullón, 2016b, gráficos 1 e 2, pp. 194-5). Polo tanto, deixando á parte os “hispanicos comúns”, que representan sempre a categoría maioritaria, non é certo que actualmente a presenza de nomes en galego continúe a ser tan inferior á dos nomes casteláns, como afirman algúns das persoas participantes nos grupos: “o certo é que hai moitísimos menos nomes en galego” (G1: 10, H2). En cambio, se contrastamos os datos de Cataluña, Euskadi e Galicia (INE 2015), entre os dez primeiros máis frecuentes, a presenza de nomes distintivos, propios das linguas respectivas, é moito maior no caso de Euskadi e Cataluña ca no de Galicia, tal e como perciben efectivamente os nosos informantes (táboas 2, 3 e 4).

EUSKADI

NOMES DE NENOS		NOMES DE NENAS	
TOTAL	9.736	TOTAL	9.104
MARKEL	255	ANE	280
AIMAR	221	JUNE	184
JON	220	NAHIA	181
IBAI	198	IRATI	180
JULEN	185	LAIA	146
ANDER	183	NORA	144
UNAX	166	IZARO	138
OIER	164	LUCIA	133
MIKEL	159	MALEN	130
IKER	157	UXUE	130

Táboa 2: Os 10 nomes máis frecuentes dos/as acabados/as de nacer en Euskadi en 2015

CATALUÑA

NOMES DE NENOS		NOMES DE NENAS	
TOTAL	36.137	TOTAL	33.765
MARC	1.023	MARTINA	769
ALEX	661	JULIA	710
MARTI	647	LAIA	618
HUGO	617	LUCIA	609
BIEL	600	MARIA	592
ERIC	589	EMMA	589
NIL	551	AINA	541
JAN	548	PAULA	534
POL	540	NOA	532
PAU	529	CARLA	500

Táboa 3: Os 10 nomes máis frecuentes dos/as acabados/as de nacer en Cataluña en 2015

GALICIA

NOMES DE NENOS		NOMES DE NENAS	
TOTAL	10.023	TOTAL	9.389
MARTIN	425	NOA	269
HUGO	346	MARTINA	252
MATEO	323	DANIELA	244
PABLO	258	SOFIA	226
DANIEL	233	SARA	218
LUCAS	207	LUCIA	199
LEO	201	ALBA	193
MANUEL	197	CARLA	164
ADRIAN	192	PAULA	160
DIEGO	183	VALERIA	145

Táboa 4: Os 10 nomes máis frecuentes dos/as acabados/as de nacer en Galicia en 2015

En contraste co que vimos que ocorría no caso da galeguización de nomes e apelidos, con respecto á escolla dos nomes, as motivacións ideolóxicas pónense en dúbida, precisamente porque nesta cuestión parecen primar as “modas” sobre o criterio lingüístico:

Mod.: <[toda a xente que lle pon o nome en galego] aos fillos tamén pensades que é por ideoloxía

Alguén: NON

Alguén: bueno algunhas veces si

M9: un pouco de todo ideoloxía moda que che gusta o nome en galego

M11: eu creo que é diferente o sea vamos a ver (...) eu creo que o tema de escoller un nome pa un fillo é máis máis cultural e o tema para escoller para:: tomar a decisión de cambiar o: o nome que é máis ideolóxico (G3: 81).

Á hora de elixir nome, actualmente a lingua parece que non implica necesariamente unha determinada concienciación lingüística e/ou identitaria, senón que pesan máis outros factores, como o costume, a sonoridade, etc., nos que

profundaremos na seguinte epígrafe. De feito, considérase que hai uns anos, con anterioridade a esta moda recente, si resultaba marcado poñerlles aos fillos ou fillas nomes en galego, como explica este informante, que aclara que por este motivo os seus pais buscaron nomes do tipo que nós denominamos “hispánicos comúns”:

H7: meus pais a pesar de ter unhas convicións e demais penso que nos puxeron xxx e xxx pois para non marcarnos moito porque son dous nomes que nin sequera poderíamos traducir e aí quedaron pero eu creo que agora non tanto pero hai 20 ou 25 anos que alghén se chamase xurxo eu penso que si que xa de nome que seus pais llo puxeran que si que tiña que ver cunha postura política (G2: 172).

En contraste, na actualidade estas connotacións nacionalistas dos nomes galegos desapareceron e proba disto, segundo a visión das persoas informantes, constitúeno os proxenitores castelanfalantes que escollen nomes en galego para os seus fillos e fillas:

H4: hai nomes moi bonitos, nomes como por exemplo maruxa que xente que non ten por que ser nacionalista que non fale galego, de feito conozo unha chica que tivo agora un fillo, chámalle maruxa e en galego pois eu creo que:: diría bos días un día (G1: 15).

H7: eu creo que hai unha moda de feito de nomes galegos aínda que a xente ao mellor non utilice o galego de feito escoitas no parque pois uxío ven para aquí que tal falando castelán pois falan castelán pero chámase uxío o neno ou uxía eu creo que si hai unha moda nese sentido de nomes galegos que non está directamente relacionada (...) digamos que esa moda non é consecuencia de de concienciación do uso do galego senón consecuencia pois de que sona bonito (G2: 106).

M11: hai unha tendencia incluso sen moita lóxica dende o meu punto de vista cando os pais son castelanfalantes, etc. pero: si que hai como unha non sei moda para min está sendo unha moda de: os nomes escollelos en galego (G3: 270).

Incluso algunhas informantes critican esta falta de relación, ao entendela como unha incoherencia, como vemos no último extracto reproducido, ou por considerar que este uso ritual do galego na antroponimia non contribúe ao proceso de normalización do galego: “non serve de nada chamarlle a un fillo poñerlle un nome en galego se logo lle falas en castelán (...) que hai detrás deso? se é unha moda ao final” (G2: 128, H5).

Polo tanto, a recente moda dos nomes en galego atribúese sobre todo a un afán de diferenciación, de buscar nomes especiais que saian do común: “os pais queren poñerlle aos seus fillos un nome pois non xa dos tradicionais, queren algo un pouco especial, penso eu” (G1: 15, H3). E xa para estas xeracións, os nomes “tradicionais” son os casteláns, que se consideran “masificados”, “gastados”, “repetitivos”, “en plan como que non me di nada”. Así, neste sentido, funcionan mellor os nomes en galego precisamente por seren escasos: “como todo (...) canto menos hai máis distinto é” (G1: 18, M1). De aí que, seguindo este argumento, resulten mellor os nomes cunha aparencia máis distintiva, como Uxía ou Breixo, e non aqueles nos que só cambie unha letra, cunha tradución inmediata (como Xosé ou Xabier), ou, por suposto, os “hispanicos comúns”⁸. Este tamén pode ser o motivo de que nomes como Amalia ou Celia se presenten como galegos, pois se perciben como antigos e os “nomes de antes” son os galegos (“volven os nomes máis galegos ou máis de antes”, G3: 23, M11). De feito, neste mesmo motivo baséase a moda dos nomes vascos, na busca do diferente: “hai bastantes nomes vascos tamén que son exóticos (...) son íker ou ñaki (...) tamén está un pouco de moda precisamente por iso porque é como diferente” (G2: 130-131, H7).

3.2. A lingua e outros criterios na elección dos nomes

Como apuntabamos na epígrafe anterior, a lingua convértese nun criterio determinante naqueles que lle outorgan un valor identitario e cultural ao tema da lingua en xeral e, en concreto, á escolla do nome, polo valor simbólico que implica. Así, un informante cun nome en castelán afirma: “sintome máis identificado cun nome en galego” (G1: 33, H2)⁹. Os e as participantes que defenden esta postura reivindicán priorizar os nomes galegos, sempre coa prevención de evitar obrigas ou imposicións¹⁰: “por exemplo como los vascos si tienden a poner nombres vascos a sus hijos los gallegos si deberíamos tender no obligar ni mucho menos pero si ten-

8 Así, un informante aclara que lle gustaría “un nome cen por cen galego que non sei se hai o cen por cen ou non pero vamos que non haxa tradución a outro idioma” (G1: 85, H3).

9 Como xa comentamos na segunda epígrafe, este informante (H2), cunha postura aparentemente contradictoria, afirma que non galeguizaría o seu nome, aducindo como principal motivo o respecto á súa familia. Porén, gústalle que se dirixan a el na versión en galego e a lingua é un dos criterios que utilizaría á hora de escoller un nome para os seus fillos.

10 Mantense polo tanto no discurso sociolingüístico en Galicia o tópico da non imposición, que xa aparecía de forma recorrente en estudos previos (Iglesias 2002: 290, González 2003: 95, 97 ou Formoso 2013: 74-91).

der a tirarnos pues hacia hacia casa no?” (G3: 37, M8). Desde este posicionamento, o criterio de se tratar dun nome galego convértese no primeiro, á hora de elixir nome, como se expresa de forma explícita e contundente no seguinte extracto:

H1: os meus criterios de nomes de bebés que serían a ver por unha parte que estean en galego porque eso si que é para min é importante pero partindo da base de que existen tantos en galego como en español e que non llo iba poñer en inglés nin en vasco nin así porque para que me resulte bonito ten que cumprir varias cousas e que me sone así horter e exótico non é unha delas despois / eso primeiro que estea en galego / despois gústame moito os nomes dos nenos que sexan tradicionais o sea tradicionais non retiro esa palabra borra (risas) que sexan clásicos en plan por exemplo Breixo é bonito pero non o vivo como un nome clásico entón gústanme os nomes en plan que penso que me podo imaxinar persoas doutras épocas que se chamasen así por exemplo (xxx) serían Xoana que me podo imaxinar unha Xoana en calquera época histórica e ademais a miña nai é Juana (...) eu téñolle así eses criterios en plan clásicos que non sexa súper raro pero tampouco súper moderno e que estea en ghallego (G1: 60).

Como indica H1, ao autocorrixir a cualificación de “tradicional”, este termo esperta rexeitamento, pois, como vimos, asóciase a nomes demasiado “frecuentes”, pero ao mesmo tempo os nomes “exóticos” ou “raros” comezan tamén a ser mal vistos socialmente, polo menos por determinados sectores sociais. Na mesma liña se manifesta estoutro informante, que en lugar de “clásico” utiliza “rancio”, para se referir a nomes “de antes”, en galego, e que insiste na connotación identitaria que implica a escolla dun nome nesta lingua:

H2: está bastante ben visto o tema de un pouco rancio pero: pero en galego e bueno un pouco orixinal e:: e o que din eles tamén non? a sonoridade (...) tampouco teño un dogma tal que sexa en galego mais si que me gustaría en principio é ao que tendo porque é a miña lingua e co que me sinto máis identificado (G1: 81).

Esta postura aparece así mesmo no G2:

M3: eu teño amigos que teñen unha conciencia galega bastante forte e están decididos a poñerlle adrede os nomes galegos aos fillos e eu incluíríame nesa tendencia por que non? son nomes bonitos aínda que agora a maioría están de moda (...) non tanto porque sean exóticos senón porque non sei recórdanme aquí (G2: 133).

H6: eu penso que lle poñería un nome galego porque eu son galego meus pais son galegos e que eu sepa toda a miña familia foi galega así que non vexo aí porque teño que meter aí un castelán / veríao como unha intrusión (G2: 142).

En calquera caso, repárese na insistencia de que a elección dun nome galego neste caso responde a un criterio identitario e non por “moda” ou por “exotismo”, é dicir, non por afán diferenciador. Por conseguinte os informantes distinguen entre aqueles que elixen un nome en galego por concienciación daqueles que o fan unicamente por cuestión de moda.

Non obstante, hai informantes que manifestan unha opinión contraria ao feito de escoller un nome só por estar en galego, rexeitando polo tanto a lingua como criterio de escolla e antepoñendo outros factores como o gusto persoal ou a maior ou menor extensión:

M1: promover algo paréceme que está moi ben pero quero dicir se non me gusta cusaríame tomar esa decisión de escoller por en base a un digamos a unha idea máis que a unha preferencia personal (G1: 25).

M5: non poñería moito empeño en ver se é galego igual que tampouco en ver se é castelán senón algo que non é moi estendido (G2: 132).

M9: podes poñerlle o nome que che guste e xa está non ten por que ter que ter identidade galego nin nada parecido (G3: 22).

Noutros casos nos que o criterio lingüístico non é relevante, acaba afectando pero só porque provoca que exista menos costume de escoitar o nome en galego, polo que favorece a elección do nome en castelán:

H4: acabaría escollendo julia e non sería por ningún tema de moda lingüística senón porque realmente é un nome que gústame máis (...) eu creo que realmente vai un pouco á marxe deso (...) estou moito máis acostumado a conocer julias que a coñecer xulias entón xulia sonaría máis raro para min (G1: 22).

Tamén encontramos algún informante que defende a preferencia polos nomes galegos, como unha maneira de normalizalos ou “popularizalos”, pero sente a necesidade de desvincularlos das posibles motivacións ideolóxicas que el mesmo lles outorga ou, dito doutra maneira, gustaríalle que non fosen acompañados destas connotacións, a pesar de que xa vimos que existía bastante acordo á hora de rom-

per hoxe en día esta asociación entre a concienciación ideolóxica e/ou lingüística e a elección de nomes galegos:

H2: os nomes casteláns pois parten dunha situación de ventaxa e non é porque eu quera escoller o meu nome en galego porque sexa nacionalista ou non sexa (...) non é porque sexa nacionalista ou polas miñas ideas ou porque queira potenciar o galego, a cuestión é que a día de hoxe non está normalizado o:: en galiza os nomes en galego como están en castela os nomes en castelán ou como están en cataluña os nomes en catalán (G1: 26).

Tal como xa foi aparecendo nalgúns extractos, outro criterio que empregan con bastante insistencia é o da frecuencia ou extensión do nome, criterio que pode operar en dous sentidos diferentes e contraditorios: por unha parte existe un rexeitamento bastante xeneralizado aos nomes demasiado comúns, cuestión que como vimos beneficia aos nomes galegos, pero por outra a escasa frecuencia tamén pode provocar que non se escollan por falta de costume á hora de oílos, é dicir, por soaren raros. Así, os factores do “costume” e a “tradición familiar” tamén aparecen con bastante forza e desde esta perspectiva resultan priorizados os nomes casteláns, porque como xa dixemos estes son os “tradicionalis” hoxe en día. En efecto, trátase dunha tradición que funciona en contra da escolla dun nome en galego, xa que o máis frecuente é que os nomes das xeracións inmediatamente anteriores estean en castelán. O criterio de continuar unha saga familiar, é dicir, manter o mesmo nome de xeración en xeración (bisavós/as, avós/as, pais-nais, fillos/as, netos/as) encontrámolo máis estendido entre os homes, mentres que moitas informantes (mulleres) rexéitano, cualificando esta tradición como “curiosa”, “estraña” ou incluso “tontería” (G3); “súperfriki” ou “hortera” (G1). Porén, unha das participantes explica que acabou deixándose convencer pola súa parella tras unha oposición inicial, o que supuxo ademais efectivamente a elección dun nome castelán: “chámase jaimé, seu pai chámase jaimé, cinco xeracións atrás chamábanse jaimé e que seu fillo vaise chamar jaimé e eu puxen o grito no ceo (risas) que me estás contando?!? isto non vai pasar! (...) ata se me fixo curioso e bonito ao final” (G1: 65).

Outro criterio que aducen é o da sonoridade, aínda que non saben explicar a que se refiren exactamente, no sentido por exemplo do fonosimbolismo ou a psicoacústica¹¹:

11 Por exemplo Regueira (2006: 251, 252) demostra que “a preferencia por vogais anteriores e [a] é clara nos nomes de ambos sexos”. Do mesmo xeito, as consoantes preferidas no inicio son as sonoras nos nomes

M5: eu teño un irmán pequeno e á hora de decidir que nome poñerlle pois o criterio que utilizamos simplemente foi que sonase bonito por exemplo unha das opcións era brais que si que é galego pero outra que é como finalmente se chamou é jorge que penso que non ten unha orixe galega entón non nos fixamos e: por iso digo que simplemente que nos gustase como soe (G2: 135).

Semella que se trata máis ben de estaren acostumados a oír ou non os nomes, o que nos remite de novo á cuestión da frecuencia de uso. Tan só unha informante sinala que na súa familia evitaron os nomes con vibrante, por consideralo un son moi forte.

Por último, un criterio que inflúe moito é o dos referentes, isto é, as persoas coñecidas con ese nome, tanto se se trata de famosos ou famosas como de persoas do contorno individual de cadaquén, sobre todo neste último caso. Así, algúns informantes senten preferencia ou rexeitamento cara a un nome en función das experiencias vividas con persoas que tiñan ou teñen ese nome. En relación con isto, comentan tamén que hai nomes que están marcados socialmente con determinadas connotacións, asociacións que eles mesmos cualifican como “prexuízos”: “a min cando me din e: chámase manuela xa me imaxino a priori non? por un prexuízo ao mellor de nome de abuela ou tal digo: o sea penso pois fijo que non é bonita ou bueno prexuízos non?” (G3, M11). Neste caso non estamos falando xa de asociacións individuais, en función de experiencias persoais, senón de significados colectivos, máis ou menos estendidos, e non tanto de implicacións ideolóxicas senón de tipo cultural: “si:: hai un factor sociolóxico:: cultural importante porque (...) estamos chegando ao punto de dicir que relacionamos nomes con personalidades que a verdá e que non (...) realmente é unha pasada” (G1: 43, M1). Neste caso, ademais, a maioría dos exemplos que achegan os participantes nos grupos son nomes en galego ou inglés, o que parece demostrar que os nomes en castelán ou os hispánicos comúns escapan máis facilmente a este tipo de “marcas sociais”, é dicir, están menos marcados no imaxinario colectivo. Refírense a nomes como Martiño, vinculado aos “porcos”; Lúa ou Brandán, asociados a “mascotas”, ou Jonathan e Jenni ou Jennifer, asociados á tribo urbana “choni”.

Por outra parte, están os nomes que remiten á xente maior, nomes “de vellos”, pero, como ocorre cos nomes “tradicionais”, que agora son os casteláns,

de home e as nasais nos antropónimos femininos. Polo tanto, semella que efectivamente existe tendencia a buscar unha certa sonoridade na procura dos nomes propios.

tamén neste caso atopamos diferenzas nas distintas imaxes sociais. En efecto, nomes “de antes”, polo tanto, nomes galegos, para algúns informantes remiten a persoas maiores, pois aínda recordan por experiencia propia ou, en maior medida, de oídas, persoas que se chamaban así no pasado. En cambio, ao tratárense de nomes que se empezaron a recuperar recentemente, nesa busca do diferente da que falabamos ao inicio da epígrafe, para outras persoas informantes os referentes destes nomes son, polo contrario, xente nova: “a min bieito sóname a un rapás novo non a un vello” “na miña zona non hai ningún bieito os únicos bieitos eran os señores maiores” (G2: 264, H7; 266, M3). O seguinte extracto resulta moi ilustrativo destas diferenzas nas connotacións asociadas aos nomes, sobre todo galegos, en función da bagaxe vital, neste caso exemplificado no nome de Antón, un nome hispánico común, como xa vimos, pero entendido socialmente como galego:

Mod.: porque normalmente se oídes un nome en galego asociádelo á xente nova / preguntunto?

Varios: si si

H8: boh depende

Mod.: depende de que nome en galego sexa?

H8: claro

Mod.: por exemplo?

H8: por exemplo xan e antón precisamente eu sempre o asocio a nome de persoa maior porque pois o meu avó e bueno o tío este da miña nai sempre decían antón é nome de vello i tal

M7: si la percepción viene por el hecho de la: con quien tratas porque por ejemplo yo antón en mi vida o sea si diría que puede ser nombre de: de persona con cierta edad yo conozco un montón de antón entonces para mí es de joven entonces

Mod.: nunca oíches de alguén un avó ou así

M7: no para nada entonces me sorprende para mí es nombre de una persona joven (G3: 335-345).

Polo tanto, volvemos comprobar como o feito de asociaren os nomes galegos con “nomes de antes” acaba resultando positivo, xa que agora está de moda recuperar estes nomes do pasado: “rexuvenecen co uso”, “hai nomes que rexuvenecen co tempo que se volven a poñer de moda caemos outra vez no couso da moda” (G2: 264, M3); “que se recuperan” (G3).

Para finalizar, con respecto aos nomes estranxeiros, sobre todo ingleses, xa expuxemos que algúns, como Jonathan ou Jennifer, están hoxe en día desprestixiados e, en xeral, detectamos certo rexeitamento cara aos nomes en inglés:

M1: home, a min resúltame moitísimo máis natural un nome en galego ou en castelán que estar aquí en Galicia e de repente que empecen a poñer nomes en inglés (...) non se me fai tan natural (G1: 9).

H3: as jenni a min non me gusta (...) porque: non sei explicalo vai asociado a outra:: outra forma de pensar, vamos (G1: 38).

M3: pero jénifer ahora mismo.../ fora demasiado común pero ahora mismo poñerlle a unha meniña jénifer... (G2: 214).

De feito, unha das informantes manifesta a súa preferencia polos nomes estranxeiros, baixo o argumento de que “abre las puertas en el momento de salir” (G3: 5, M7), e é contestada por todos os seus compañeiros, ata o punto de que resulta silenciada durante gran parte do resto do debate, posiblemente debido a sentirse en minoría:

M8: a mí también me da rabia el hecho de que tiremos a nombres americanos porque nuestro hijo va a sonar superbien si se llama jonathan (...) yo estoy un poco en desacuerdo contigo, lo siento, con el hecho de que el nombre gallego o sea el hecho de que vayáis a elegir un nombre extranjero porque suene mejor a la hora de salir sabes? (...)

M10: es tu opinión pero yo creo que el nombre no influye en eso de abrir más puertas ni nada por el estilo / le explicas bien como se pronuncia tu nombre y ya está

M11: non creo que che abra máis portas (G3: 37-44).

O seguinte extracto tamén resulta moi ilustrativo do desprestixio dos nomes estranxeiros, en especial os ingleses. Trátase dun intento de manter a tradición familiar pero con versións diferentes (modernizadas) nas sucesivas xeracións. Ao

entenderen que a terceira versión é en galego, parece que o consideran xustificado, pero ao aclarar que se trata da versión inglesa provoca hilaridade:

M9: e as xeracións eu teño un amigo que o seu avó chámase artemio o seu pai arturo e o seu irmán artur

H8: bueno pero artur é:: é galego non? era o fillo de breogán

M9: áthur áthur/ artur non [referíndose ao cambio de acentuación]

H8: ah así con th i eso

M9: si si [risas] é así (G3: 32-35).

Só de forma puntual encontramos algunha afirmación en favor de nomes estranxeiros, como no caso de Brian ou Izan, que unha informante presenta como “modernos” e contrapón a nomes en castelán “de santos” que, na súa opinión, agora “xa non se levan”, como Claudino ou José Antonio¹² (G3).

Os nosos informantes tamén recoñecen a influencia dos medios de comunicación de masas na elección dos nomes propios, pero sempre para criticar que se poida empregar como criterio selectivo. Así, poñen o exemplo dos nomes tirados de series de televisión ou os escollidos por imitación dos famosos¹³.

4. CONCLUSIONES

Na percepción da onomástica galega por parte destes tres grupos de estudantes da Universidade de Santiago, aparece de forma recorrente un termo que se vai converter nun concepto clave do seu imaxinario colectivo con respecto a este ámbito do proceso normalizador: tradición.

Curiosamente, a importancia outorgada á tradición vai funcionar de xeito oposto en cada un dos dous bloques temáticos en que organizamos o noso traballo. No caso da galeguización de nomes e apelidos, a tradición (familiar, xeracional) acaba converténdose no argumento máis poderoso para xustificar o seu rexeitamento e, incluso aqueles informantes que desenvolven un discurso máis

12 Cómpre destacar as concepcións equivocadas que existen sobre a popularidade dos nomes, xa que o éxito dos *José Antonio* durante os anos da posguerra debeuse ao homónimo Primo de Rivera.

13 Neste caso, é curioso que os tres exemplos que poñen remiten a fillos de futbolistas (*Thiago, Martín e Enzo*).

favorable cara á normalización do galego, recorren a ela para explicar a aparente contradición na que incorren ao defenderen a escolla de nomes galegos e ao mesmo tempo non galeguizaren os seus antroponimos, tanto nomes como apelidos. Debido ao avanzado proceso castelanizador da nosa onomástica, a tradición, máis ou menos próxima segundo os casos, está xa escrita en castelán, de xeito que a restitución á forma orixinaria galega remite a un pasado para eles descoñecido e, por conseguinte, percibido como alleo e estraño.

Polo contrario, pero paradoxalmente polo mesmo motivo, á hora da escolla dos nomes para as futuras xeracións, os nomes casteláns, por seren os percibidos como tradicionais, tenden a rexeitarse nos últimos tempos en favor dos nomes galegos distintivos, xa que nestoutro aspecto un dos criterios que prima é a busca do diferente. Polo tanto, aquí a tradición si xoga a favor da preferencia polos nomes galegos, pero sen que isto presupoña necesariamente, segundo o discurso das persoas informantes, unha concienciación lingüística, senón que en moitos casos responde simplemente a unha cuestión de moda, que, por conseguinte, pode ser transitoria e ademais non implica outro tipo de compromisos lingüísticos cara á lingua galega. De todos os xeitos, xa vimos que, sobre todo entre os homes, a tradición tamén pode actuar na selección dos nomes no mesmo sentido que no da galeguización, para aqueles que pretenden perpetuar unha saga familiar a través do mantemento do mesmo nome, caso no que non consideran válida a súa tradución ao galego, aínda que o nome o permita (por exemplo Alejandro - Alexandre). Segundo este discurso, a tradición só se mantén na súa forma “orixinal”, que dado o noso contexto sociolingüístico, vai ser sempre en español.

En definitiva, así como no que se refire á toponimia observamos importantes progresos no proceso normalizador do galego, canto á onomástica non semella que a sociedade estea preparada ou predisposta favorablemente para a súa galeguización, en parte polo gran descoñecemento que detectamos arredor de toda esta temática e, en parte, porque ao se percibir como algo persoal e íntimo, aínda se manifesta maior rexeitamento cara a unha posible intervención administrativa neste terreo, cuestión que, en cambio, se acepta en moita maior medida no caso da toponimia, como xa vimos. Nesta tamén pode estar actuando o factor do hábito ou o costume, pois esa intervención xa tivo lugar, mentres que non se abordou na antroponimia. Sen dúbida, a primeira cuestión que cómpre afrontar

con urxencia radica na explicación e información sobre o proceso castelánizador sufrido pola nosa onomástica, que non se viu libre da imposición xeral do castelán, cuestión totalmente descoñecida por boa parte dun grupo de poboación que conta ademais con estudos universitarios. Polo tanto, concluímos que se trata dun ámbito bastante esquecido dentro do proceso normalizador e no que a administración nunca puxo o foco.

Consideramos que, despois da análise do discurso da mocidade estudada, cómpre –en primeiro lugar– centrarse na formación e información da poboación, tanto desde a educación regrada, como a través de campañas que se poidan organizar desde diferentes organismos. Desta maneira tamén contribuiríamos a borrar o estigma que supón para parte da poboación a galeguización tanto de nomes como de apelidos. Sen ela, e continuando co noso pasado lingüístico na sombra, parece difícil que triunfe calquera campaña que busque o aumento da restitución de formas galegas, sobre todo nos apelidos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2009): “Sobre a estandarización da antroponimia: proposta para os apelidos”, *Boletín da Real Academia Galega* 370, 117-152. <<http://www.realacademiagalega.org/imaxin-boletins-web/paxinas.do?id=3412>>.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2016a): “Os apelidos, patrimonio individual e patrimonio colectivo. Criterios para a estandarización dos apelidos”, en *Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización*. A Coruña: Real Academia Galega, 10-21. <<http://academia.gal/documents/10157/704901/Os+apelidos+en+galego.pdf>>.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2016b): “Os nomes galegos no século XXI”, en Manuel González González (ed.): *Lingua, pobo e terra. Estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 191-212.
- Callejo, Javier (2002): “Grupo de discusión: la apertura incoherente”. *Estudios de sociolingüística* 3 (1): 91-109.
- Canales, Manuel / Anselmo Peinado (1999): “Grupos de discusión”, en J. M. Delgado / J. Gutiérrez (coords.), *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*. Madrid: Síntesis, 287-316.
- Formoso Gosende, Valentina (2013): *Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico*. Vigo: Xerais.
- González González, Manuel (2003): *O galego segundo a mocidade*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Ibáñez, Jesús (1992): *Más allá de la sociología. El grupo de discusión: técnica y crítica*. Madrid: Siglo Veintiuno de España.
- Iglesias, Ana (2002): *Falar galego: “no veo por qué?”. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Xerais.

INE 2015, Apellidos y nombres más frecuentes, http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177009&menu=resultados&secc=1254736195498&idp=1254734710990. Consultado o 4/3/2017.

Ortí, Alfonso (1996): “La apertura y el enfoque cualitativo o estructural: la entrevista abierta semidirectiva y la discusión de grupo” en García Ferrando *et alii* (1996): *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*. Madrid: Alianza, 189-221.

Regueira, Xosé Luis (2006): “Patróns fónicos dos nomes de persoa”, en *Actas do I Congreso Frei Martín Sarmiento*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 239-255.